

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN

**20000** *Corrección de erros do Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, polo que se regulan as condicións de formación inicial do profesorado dos centros privados para exercer a docencia nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato.*

Advertidos erros no Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, polo que se regulan as condicións de formación inicial do profesorado dos centros privados para exercer a docencia nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 173, do 17 de xullo de 2010, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 2, no artigo 2.a), cómpre engadir: «ou equivalente académico.».

Na páxina 2, no artigo 3.2 onde di: «A experiencia docente ou da formación de educación superior adecuada para impartir o currículo da materia poderá acreditarse mediante algún dos seguintes procedementos:», debe dicir: «A experiencia docente ou a formación de educación superior adecuada para impartir o currículo da materia, a que se fai referencia no anexo, poderá acreditarse mediante algún dos seguintes procedementos:».

Na páxina 4, na disposición adicional sexta, cómpre engadir: «Do mesmo modo, para impartir informática e tecnoloxías da información e a comunicación, os que estean en posesión dalgunha das seguintes titulacións: diplomado en Estatística, enxeñeiro técnico en Informática de Xestión, enxeñeiro técnico en Informática de Sistemas, enxeñeiro técnico de Telecomunicación, especialidade en Telemática.».

Na páxina 4, na disposición transitoria primeira, primeira liña, onde di: «artigo 3.3.c)», debe dicir «artigo 3.2.c)».

Na páxina 8, no anexo para as materias de informática e de tecnoloxías da información e a comunicación, na columna das condicións de formación inicial, onde di «Calquera título de enxeñeiro da área das ensinanzas técnicas ou calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de enxeñaría e arquitectura, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia.», debe dicir: «Calquera título de enxeñeiro, arquitecto ou licenciado da área das ensinanzas técnicas ou de ciencias experimentais e da saúde ou calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de enxeñaría e arquitectura ou de ciencias, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia.».